

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 11 DE MAIO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día once de maio de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase denegar a licenza urbanística para legalización e ampliación de industria cárnica, acondicionamento da parcela con regularización de pendentes, execución de muros de contención en bancais así como desmontes e recheos, pavimentación perimetral e vías de acceso na estrada N-VI, KM 497,5 (exp. 47/19)

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para a construción dunha edificación destinada a almacén de apeiros e útiles agrícolas para o mantemento da parcela e cultivo dun horto e árbores frutais en Santa María de Muxa (exp. 152/15); para instalación de ascensor en edificio de vivendas sito na avenida da Coruña, número 333 (exp. 2021/Y001/000324) e para reforma e ampliación de tenda stop&go; de estación de servizo existente sita na estrada N-VI, P.K. 493,700 Nadela (exp. 2021/Y001/000074)

2. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación provisional do proxecto de modificación puntual 03 do Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente no ámbito territorial da ficha I-53 do seu catálogo de protección (estación de ferrocarril) para a descatalogación do edificio de correos.

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación na contratación da obra de urbanización na rúa Bal e Gay. Exp. ref. 2022/C002/000002.

Tamén se accorda a primeira prórroga da contratación para a subministración

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac447700537652590233.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-5-2022

de produtos de limpeza de instalacións deportivas. Exp. ref: 2021/C004/000004, que vai dende o día 05-06-2022 ata o 04-06-2023.

Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra “humanización da rúa Gallego tato. tramo rúa Magnolia - rúa Lavandeira” e a apertura do procedemento de adxudicación; exp. ref. 2022-C002-000007.

Así mesmo, acordase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da prestación do servizo de comida no centro de día “Antonio Gandoy” e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2022/C003/000009.

Tamén se acorda a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade na contratación do concerto do grupo “Tanxugueiras” o día 12 de xuño na praza de santa maría durante o arde lucus 2022 e a apertura do procedemento de contratación. (Exp. 2022/C005/000007).

4. PERSOAL.- Acórdase o nomeamento como funcionario de carreira no corpo da policía local do Concello de Lugo.

Tamén se acorda o nomeamento como funcionario de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar a praza de arquivista/a (grupo de titulación: grupo a (subgrupo a1); escala: administración especial; subescala: técnica; clase: superior.

Acórdase a modificación de designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de técnico de administración xeral pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (OEP 2020).

Así mesmo, acórdase a modificación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de técnico de xestión da escala de administración xeral pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, unha en quenda de acceso libre ordinario e unha en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade (OEP 2020).

Acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de oficial lector/a contador, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (OEP 2017).

Acórdase aprobar o compromiso de incorporación dunha praza de técnico/a madio na próxima oferta pública de emprego deste Concello para o ano 2022.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

5. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase a aprobación bases xerais reguladoras e convocatoria da concesión de subvencións ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro para a dinamización económica, que desenvolven a súa actividade no eido da área de cohesión e dinamización social e para o exercicio económico 2022.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA VECIÑANZA

6. INFORMACIÓN E ATENCIÓN Á CIDADANÍA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ.- Acórdase a aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva da área de participación e atención cidadá 2022.

Fora da orde do día

- Acórdase a prórroga do período de constitución do fondo de capital risco participado ata o 5 de xullo de 2022 na contratación dun servizo intermediación financeira e de xestión dun fondo de capital riesgo participado polo Concello de Lugo exp. Ref. 2020/C003/000080.

- Acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares de prescricións técnicas así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicade na contratación do concerto do grupo "Soar Patrol" o día 11 de xuño na praza de Santa María durante o Arde Lucus, así como a apertura do procedemento de contratación. (Exp. 2022/C005/000008)

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcadesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.